

	Por 100 kJ		Por 100 kcal	
	Mínimo	Máximo	Mínimo	Máximo
Ácido pantoténico (mg).	0,035	0,35	0,15	1,5
Biotina (µg).	0,18	1,8	0,75	7,5
Vitamina E (mg α-ET).	0,5/g de ácidos graxos poliinsaturados expresados como ácido linoleico, pero en ningún caso menos de 0,1 mg por 100 kJ dispoñibles	0,75	0,5/g de ácidos graxos poliinsaturados expresados como ácido linoleico, pero en ningún caso menos de 0,5 mg por 100 kcal dispoñibles	3
<i>Minerais</i>				
Sodio (mg).	7,2	42	30	175
Cloruro (mg).	7,2	42	30	175
Potasio (mg).	19	70	80	295
Calcio (mg).	8,4/12 <sup>1</sup>	42/60 <sup>1</sup>	35/50 <sup>1</sup>	175/250 <sup>1</sup>
Fósforo (mg).	7,2	19	30	80
Magnesio (mg).	1,8	6	7,5	25
Ferro (mg).	0,12	0,5	0,5	2
Zinc (mg).	0,12	0,36	0,5	1,5
Cobre (µg).	15	125	60	500
Iodo (µg).	1,55	8,4	6,5	35
Selenio (µg).	0,6	2,5	2,5	10
Manganeso (mg).	0,012	0,12	0,05	0,5
Cromo (µg).	0,3	3,6	1,25	15
Molibdeno (µg).	0,72	4,3	3,5	18
Fluoruro (mg).	—	0,05	—	0,2

<sup>1</sup> Para produtos destinados a nenos de un a dez anos de idade.

## MINISTERIO DE DEFENSA

**11121** REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas. («BOE» 142, do 14-6-2000.)

O tempo transcorrido desde a entrada en vigor da Lei 28/1975, do 27 de xuño, sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, dictada en virtude do mandato contido inicialmente na Lei 193/1963, do 28 de decembro, de bases da Seguridade Social, e concretado despois no artigo 10 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2065/1974, do 30 de maio, levou consigo numerosas modificacións no seu texto, tanto de maneira directa a través da nova redacción dalgúns dos seus preceptos, como de forma indirecta mediante disposicións legais que viñeron variar ou complementalo seu contido, resultando nestes últimos aspectos de especial relevancia a renovación levada a cabo na lexislación reguladora do persoal das Forzas Armadas e do Corpo da Garda Civil.

O artigo 62 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, autorizou o Goberno para que, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor da dita lei, procedera á elaboración, entre outros, dun texto refundido que regularizase, aclárase e harmonizase a Lei 28/1975 e as súas modificacións posteriores coas disposicións que incidisen no ámbito do mutualismo administrativo contidas en norma con rango de lei, prazo que a disposición adicional segunda da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, prorroga ata o 30 de xuño do presente ano 2000.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa conformidade do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2000,

### DISPOÑO :

Artigo único.

Apróbase o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas que figura como anexo.

Disposición derradeira única.

O presente texto refundido entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,  
FEDERICO TRILLO-FIGUEROA Y MARTÍNEZ-CONDE

### ANEXO

#### Texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.*

O réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas réxese polo disposto na presente lei e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento, así como pola lexislación de clases pasivas do Estado.

Artigo 2. *Mecanismos de cobertura.*

Este réxime especial queda integrado polos seguintes mecanismos de cobertura:

- O réxime de clases pasivas do Estado, de acordo coas súas normas específicas.
- O regulado na presente lei.

Artigo 3. *Campo de aplicación.*

1. Quedan obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación deste réxime especial:

- Os militares de carreira das Forzas Armadas.
- Os militares de complemento, mentres manteñan a súa relación de servicios coas Forzas Armadas.
- Os militares profesionais de tropa e mariñeiría, mentres manteñan a súa relación de servicios coas Forzas Armadas.

d) Os alumnos dos centros docentes militares de formación e dos centros militares de formación.

e) Os militares de carreira da Garda Civil e os alumnos dos centros docentes de formación do dito corpo.

f) Os funcionarios civís de corpos adscritos ó Ministerio de Defensa que non exercen a opción de se incorporaren ó réxime especial de Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado, así como, se é o caso, os funcionarios en prácticas para o ingreso nos ditos corpos.

g) O persoal rexido polo Estatuto de persoal do Centro Superior de Información da Defensa.

A citada obrigatoriedade manterase calquera que sexa a situación administrativa en que se encontre o persoal enumerado, agás na de suspensión de emprego e suspensión firme e nos casos de excedencia voluntaria en que o tempo de permanencia non sexa computable para efectos de dereitos pasivos.

2. Tamén queda obrigatoriedade incluído no campo de aplicación deste réxime especial o persoal comprendido nalguna das alíneas do número anterior que pase a retiro ou xubilación.

3. O persoal que por motivos distintos dos aludidos no número anterior perda a condición de militar ou funcionario civil ou pase á situación de suspensión de emprego, suspensión firme ou excedencia voluntaria en que o tempo de permanencia non sexa computable para efectos de dereitos pasivos poderá continuar no campo de aplicación desta lei nos casos e condicións que regulamentariamente se determinen.

4. Cando unha única prestación de servicios sexa causa de inclusión obrigatoria neste réxime especial e noutro ou outros réximes de Seguridade Social, poderase optar, por unha soa vez, por pertencer exclusivamente ó regulado nesta lei, agás que a dobre afiliación afecte a este e a outro réxime especial de funcionarios, caso no que se poderá optar, tamén por unha soa vez, por pertencer a calquera dos dous.

5. Queda excluído da presente lei e seguirá rexéndose polas súas normas específicas o persoal civil, non funcionario, que preste servicios na Administración militar.

## CAPÍTULO II

### Instituto Social das Forzas Armadas

#### Artigo 4. *Funcións e adscrición.*

O mecanismo de Seguridade Social ó que se refire a presente lei xestionarase a través do Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS), adscrito ó Ministerio de Defensa.

#### Artigo 5. *Natureza e réxime xurídico.*

1. O Instituto Social das Forzas Armadas é un organismo público con personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión, e rexerese polas previsións da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, relativas ós organismos autónomos, agás o disposto no número 2 seguinte.

2. O réxime económico-financieiro, patrimonial, orzamentario e contable, así como o de intervención e control financeiro das prestacións e o réxime dos concertos para a prestación dos servicios de asistencia sanitaria e farmacéutica será o establecido por esta lei e as súas nor-

mas de desenvolvemento, pola Lei xeral orzamentaria nas materias que sexa de aplicación e supletoriamente pola Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. O Instituto Social das Forzas Armadas gozará do mesmo tratamento fiscal que a lei estableza para o Estado.

## CAPÍTULO III

### Incorporación e cotización

#### Artigo 6. *Incorporación.*

1. A incorporación a este mecanismo de Seguridade Social será obrigatoria para tódalas persoas incluídas no seu campo de aplicación.

2. Regulamentariamente determinaranse os organismos que deben tramita-la incorporación dos asegurados e comunica-las altas, baixas e variacións posteriores que se produzan, e estableceranse a forma, prazos e procedementos para realizalo.

3. Así mesmo, determinaranse por vía regulamentaria os supostos e condicións para conserva-los dereitos en curso de adquisición dos que pasen deste réxime a outros de Seguridade Social e inversamente, ó longo da súa vida profesional.

#### Artigo 7. *Cotización.*

1. A cotización ó Instituto Social das Forzas Armadas será obrigatoria para tódolos asegurados incluídos no número 1 do artigo 3, coas seguintes excepcións:

a) Os que se encontren na situación de excedencia voluntaria para atende-lo coidado de fillos ou familiares.

b) Os alumnos mencionados nas alíneas d) e e) do mesmo número 1, mentres non perciban retribucións referidas, aínda cando sexa en porcentaxe, a un dos grupos de clasificación.

2. A base de cotización será a que en cada momento se estableza como haber regulador para efectos de cotización de dereitos pasivos.

Para os alumnos que perciban retribucións referidas a un grupo de clasificación, a base de cotización será o haber regulador que corresponda ó seu grupo de clasificación.

3. O tipo porcentual de cotización será fixado anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

4. A cota mensual de cotización obterase dividindo por 14 a cantidade resultante de aplicar á base de cotización anual o tipo porcentual establecido e aboarse dobremente nos meses de xuño e decembro.

Non obstante, a cotización correspondente á paga extraordinaria reducirase, calquera que sexa a data do seu devengo, na mesma proporción en que se minore a dita paga como consecuencia de aboarse esta en contía proporcional ó tempo en que se permanecese en situación de servizo activo.

As cotas correspondentes ós períodos de tempo en que se disfruten licencias sen dereito a retribución non experimentarán redución na súa contía.

5. Os asegurados do número 2 do artigo 3 están exentos de cotización.

6. O persoal que, consonte o número 3 do artigo 3, opte por manter facultativamente a súa situación de alta cotizará nas condicións que se determinen regulamentariamente.

## CAPÍTULO IV

**Continxencias e prestacións en xeral****Artigo 8. Continxencias protexidas.**

Os asegurados e, se é o caso, os familiares ou asimilados ó seu cargo quedan concretamente protexidos, de acordo co previsto nesta lei, nas seguintes continxencias:

- a) Necesidade de asistencia sanitaria.
- b) Incapacidade temporal, derivada ben de enfermidade común ou profesional, ben de accidente común ou en acto de servicio, ou como consecuencia del.
- c) Inutilidade para o servicio, nos mesmos supostos anteriores.
- d) Cargas familiares.

**Artigo 9. Prestacións.**

As prestacións a que teñen dereito os asegurados ou os seus beneficiarios, cando se encontren nos supostos de feito legalmente establecidos, serán as seguintes:

- a) Asistencia sanitaria.
- b) Subsidio por incapacidade temporal, no caso de funcionarios civís.
- c) Prestacións económicas e recuperadoras, se é o caso, por inutilidade para o servicio, e indemnización por lesións, mutilacións ou deformidades de carácter permanente non invalidantes.
- d) Servicios sociais.
- e) Asistencia social.
- f) Prestacións familiares por fillo a cargo minusválido.
- g) Subsidio especial por maternidade en caso de parto múltiple.

## CAPÍTULO V

**Prestacións en particular**SECCIÓN 1.<sup>a</sup> ASISTENCIA SANITARIA**Artigo 10. Obxecto.**

1. A asistencia sanitaria ten por obxecto a prestación dos servizos médicos, cirúrxicos e farmacéuticos conducentes a conservar ou restablece-la saúde dos beneficiarios deste réxime especial, así como a súa aptitude para o traballo.

2. Proporcionará tamén os servizos convenientes para completa-las prestacións médicas e farmacéuticas e, dun modo especial, atenderá á rehabilitación física para a recuperación profesional dos inválidos con dereito a ela.

**Artigo 11. Continxencias cubertas.**

As continxencias cubertas pola prestación da asistencia sanitaria son as de enfermidade común ou profesional e as lesións ocasionadas por accidente común ou en acto de servicio ou como consecuencia del, sexa por accidente ou risco específico do cargo, así como o embarazo, o parto e o puerperio, na extensión e termos que nesta lei se establecen e nos que regulamentariamente se determinen.

**Artigo 12. Beneficiarios de asistencia sanitaria.**

1. A asistencia sanitaria dispensaráselle a tódolos asegurados incluídos no ámbito de aplicación deste réxi-

me especial, así como ós familiares que sexan beneficiarios ó seu cargo.

2. Para a determinación da condición de beneficiario a cargo dun asegurado deste réxime aplicarase o disposto no réxime xeral da Seguridade Social.

3. Regulamentariamente determinaranse os supostos e condicións en que se dispensará a asistencia sanitaria tanto ós viúvos coma ós orfos de asegurados activos e retirados ou xubilados.

**Artigo 13. Contido da asistencia sanitaria.**

A prestación de asistencia sanitaria comprende:

a) Os servizos de atención primaria, incluída a atención primaria de urxencia en réxime ambulatorio ou a domicilio, e a atención especializada, xa sexa en réxime ambulatorio ou hospitalario e incluídos os servizos de urxencia hospitalaria, todos eles cun contido análogo ó establecido para os beneficiarios do réxime xeral da Seguridade Social.

b) A prestación farmacéutica, que inclúe as fórmulas maxistrais e preparados oficinais, as especialidades e os efectos e accesorios farmacéuticos, coa extensión determinada para os beneficiarios do réxime xeral da Seguridade Social. Os beneficiarios participarán mediante o pagamento dunha cantidade porcentual por receita ou, se é o caso, por medicamento, que se determinará regulamentariamente.

c) As prestacións complementarias, para a definición, extensión e contido das cales se terá en conta o disposto no réxime xeral da Seguridade Social.

**Artigo 14. Forma da prestación.**

1. A prestación de asistencia sanitaria farase efectiva mediante os servizos facultativos, auxiliares e técnico-sanitarios e de hospitalización, propios deste réxime especial de Seguridade Social. A tal fin concertará, primordialmente, coa sanidade militar, e cos que sexan precisos coa Seguridade Social e cos doutras institucións públicas e privadas, na forma e condición que regulamentariamente se determinen.

2. O Instituto Social das Forzas Armadas non aboará os gastos que poidan ocasionarse cando o beneficiario, por decisión propia ou dos seus familiares, utilice servizos médicos distintos dos que lle fosen asignados, a non ser nos casos que regulamentariamente se establezan.

**Artigo 15. Dispensación extrahospitalaria de medicamentos.**

A dispensación de medicamentos e outros produtos farmacéuticos para a súa aplicación fóra dos centros hospitalarios efectuarase mediante concerto preferentemente cos servizos farmacéuticos das Forzas Armadas e, se é o caso, coas farmacias civís, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

**Artigo 16. Sanidade militar.**

O disposto nesta sección 1.<sup>a</sup> debe de entenderse sen prexuízo das funcións que, de acordo coa lexislación vixente, corresponden á sanidade militar no ámbito loxístico-operativo e, consecuentemente, en relación cos accidentes en acto de servicio e as enfermidades profesionais, así como en canto se refire á apreciación da existencia ou insuficiencia das condicións psicofísicas precisas para o servicio e as demais funcións propias dela.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> INCAPACIDADE TEMPORALArtigo 17. *Continxencias protexidas.*

1. Terán a consideración de estados ou situacións determinantes de incapacidade temporal para os funcionarios civís os de enfermidade, accidente e os denominados períodos de observación en caso de enfermidade profesional.

2. Os permisos ou licencias por parto, adopción e acollemento establecidos no número 3 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, non terán a consideración de incapacidade temporal. Se ó termo do permiso por parto continuase a imposibilidade de incorporarse ó traballo, iniciaranse as licencias que dan lugar á incapacidade temporal.

Artigo 18. *Situación de incapacidade temporal.*

1. Os funcionarios civís incorporados a este réxime especial que, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei articulada de funcionarios civís do Estado, do 7 de febreiro de 1964, obtivesen licencias por enfermidade ou accidente que impidan o normal desempeño das funcións públicas, encontraranse na situación de incapacidade temporal.

2. Así mesmo, encontraranse na dita situación os funcionarios indicados que obtivesen licencia como consecuencia de encontrarse en período de observación médica en caso de enfermidades profesionais.

3. Terá a mesma consideración e efectos que a situación de incapacidade temporal a situación da muller funcionaria que obtivese licencia por risco durante o embarazo nos termos previstos no artigo 69, número 3, da Lei de funcionarios civís do Estado.

4. A concesión das licencias e o control delas corresponderalles ós órganos administrativos determinados polas normas de competencias en materias de xestión de persoal, co asesoramento facultativo que, se é o caso, estimen oportuno.

5. Para efectos de cómputo de prazos, considerárase que existe nova enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente e, en todo caso, cando se interrompesen as licencias durante un mínimo dun ano.

6. A duración da primeira e sucesivas licencias será do tempo previsiblemente necesario para a curación e co máximo dun mes cada unha delas.

7. En calquera momento en que se prevexa que a enfermidade ou lesión por accidente impedirá definitivamente o desempeño das funcións públicas, o órgano de xubilación competente iniciará, de oficio ou por instancia do interesado, o procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo. Por orde ministerial estableceranse os mecanismos necesarios para coordina-las actuacións do Instituto e as do órgano de xubilación.

Artigo 19. *Duración e extinción.*

1. A duración e a extinción da situación de incapacidade temporal serán as mesmas cás do réxime xeral da Seguridade Social.

2. Cando a extinción da situación de incapacidade temporal se producise polo transcurso do prazo máximo establecido prorrogáranse os efectos da situación de incapacidade temporal ata o momento da declaración da xubilación por incapacidade permanente. Naqueles supostos en que, continuando a necesidade de tratamento médico, a situación clínica do interesado fíxese aconsellable demora-la posible cualificación do estado do funcionario como incapacitado con carácter perma-

nente para as funcións propias do seu corpo ou escala, a situación poderá atrasarse polo período preciso, sen que este, en ningún caso, poida dar lugar a que a declaración da xubilación teña lugar unha vez excedidos os trinta meses desde a data na que se iniciase a incapacidade temporal.

3. O dereito ó subsidio económico por incapacidade temporal entenderase, en todo caso, extinguido polo transcurso do prazo de trinta meses previsto no número anterior.

Artigo 20. *Prestación económica.*

1. Na situación de incapacidade temporal, o funcionario terá os seguintes dereitos económicos:

a) Durante os primeiros tres meses, os previstos no artigo 69 da Lei de funcionarios civís do Estado, do 7 de febreiro de 1964.

b) Desde o cuarto mes percibirá as retribucións básicas, a prestación por fillo a cargo, se é o caso, e un subsidio por incapacidade temporal a cargo do Instituto Social das Forzas Armadas; a súa contía, fixa e invariable mentres dure a incapacidade, será a maior das dúas cantidades seguintes:

a) O 80 por 100 das retribucións básicas (soldo, trienios e grao, se é o caso), incrementadas na sexta parte dunha paga extraordinaria, correspondentes ó primeiro mes de licencia.

b) O 75 por 100 das retribucións complementarias devengadas no primeiro mes de licencia.

2. A suma das cantidades anteriores non poderá exceder do importe das percepcións que o funcionario tivese no primeiro mes de licencia.

Artigo 21. *Persoal militar.*

O disposto na presente sección 2.<sup>a</sup> non é de aplicación ó persoal militar. Cando o persoal militar profesional e da Garda Civil padeza insuficiencia temporal de condicións psicofísicas para o servizo terá o réxime previsto nas súas respectivas leis reguladoras e nas súas disposicións de desenvolvemento.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> INUTILIDADE PARA O SERVIZOArtigo 22. *Continxencias protexidas e prestacións.*

1. O persoal militar profesional e da Garda Civil e os funcionarios civís incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas que, como consecuencia de enfermidade ou accidente, pasen a retiro ou xubilación por inutilidade ou incapacidade permanentes, terán dereito a pensión complementaria de inutilidade para o servizo cando a enfermidade ou lesión que motivou o retiro ou xubilación os imposibilite de forma absoluta e permanente para todo traballo, oficio ou profesión, sempre que conorra algunha das circunstancias previstas no número 6 deste artigo.

2. Causará, ademais, a prestación de gran invalidez quen, con dereito á pensión complementaria de inutilidade para o servizo, acredite que a lesión ou enfermidade que orixinou o retiro por incapacidade lle produce perdas anatómicas ou funcionais que requiran a asistencia doutra persoa para a realización dos actos máis esenciais da vida diaria, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

3. Correspóndelles ós tribunais médicos militares ou órganos médicos civís competentes, segundo proceda, a cualificación do grao inicial de incapacidade e ó Ins-

tituto Social das Forzas Armadas o recoñecemento e pagamento da pensión de inutilidade para o servizo e da prestación de gran invalidez.

4. O persoal retirado ou xubilado por inutilidade ou incapacidade permanentes que, no momento do retiro ou xubilación, non alcancen o grao de incapacidade absoluta e permanente requirido para acceder á pensión de inutilidade para o servizo ou, posuíndo este, non sufra as perdas anatómicas ou funcionais que orixinan a gran invalidez, poderá solicitar e, se procede, obter dos tribunais médicos militares a revisión do seu grao de incapacidade, unha vez transcorrido o prazo de tres anos contados a partir da data de declaración de retiro ou xubilación, sempre que non alcanzase a idade fixada con carácter xeral para o retiro ou xubilación forzosa.

5. O dereito á pensión de inutilidade para o servizo e, se é o caso, á prestación de gran invalidez poderá exercitarse en calquera momento posterior ó recoñecemento da pensión de retiro ou xubilación por inutilidade ou incapacidade permanentes, tendo en conta:

a) Se a solicitude se efectúa dentro do prazo de cinco anos contados a partir da data de retiro ou xubilación e o grao de incapacidade permanente e absoluta quedou acreditado daquela, os efectos económicos retrotraeranse ó día primeiro do mes seguinte á dita data.

b) Nos restantes supostos, os efectos económicos iniciais da pensión de inutilidade e da prestación de gran invalidez produciranse desde o día primeiro do mes seguinte ó da presentación da oportuna petición debidamente documentada.

6. Soamente poderá causar pensión de inutilidade para o servizo e, se é o caso, a prestación de gran invalidez quen, no momento da declaración do retiro ou xubilación por inutilidade ou incapacidade permanentes, se encontre:

a) Na situación administrativa de servizo activo ou servizos especiais.

b) Na situación administrativa de reserva, sempre que se ocupe destino asignado polo Ministerio de Defensa ou o do Interior, segundo proceda, de acordo coas previsións da lexislación reguladora do réxime do persoal das Forzas Armadas ou do réxime do persoal do Corpo da Garda Civil.

7. A pensión de inutilidade para o servizo rexeráse polos preceptos contidos na presente lei e supletoriamente pola lexislación de clases pasivas.

8. As prestacións recuperadoras, se é o caso, a que se refire o artigo 9.1,c) da presente lei serán as que se determinen regulamentariamente.

#### Artigo 23. *Réxime das prestacións.*

1. A pensión de inutilidade para o servizo será a diferenza entre a pensión de retiro ou xubilación por inutilidade ou incapacidade permanentes no réxime de clases pasivas, computada ó ano e na súa contía inicial, e o 100 por 100 do haber regulador anual que servise de base para o cálculo da indicada pensión, aínda cando esta se determinase polo 200 por 100 do dito haber regulador por te-la súa causa en acto de servizo. A contía mínima da pensión será o 7 por 100 do haber regulador ó 100 por 100, sen prexuízo do establecido nos números 4 e 5 deste artigo.

A pensión aboarase por meses vencidos e en doce mensualidades.

2. A contía da prestación de gran invalidez, destinada a remunerar-la persoa que atenda o gran inválido, será igual ó 50 por 100 da pensión de retiro ou xubilación de clases pasivas, computada ó ano e na súa contía inicial, co límite do 50 por 100 do importe máximo esta-

blecido para as pensións públicas na data de arranque daquela.

A prestación aboarase igualmente por meses vencidos e en doce mensualidades.

Por petición do interesado ou do seu representante debidamente autorizado, poderase conceder-la substitución polo aloxamento e coidado do individuo a cargo e por conta do Instituto Social das Forzas Armadas, en réxime de internado nun centro asistencial adecuado, sempre que estes gastos non representen para o Instituto un incremento superior ó 10 por 100 da prestación total.

3. As pensións de inutilidade para o servizo e as prestacións de gran invalidez non serán obxecto de revalorización, agás que se determine outra cousa expresamente nas leis de orzamentos xerais do Estado.

4. A pensión de inutilidade para o servizo terá a consideración, para tódolos efectos, de pensión pública e resultaranlle de aplicación as normas sobre limitacións das pensións públicas.

A prestación de gran invalidez, mesmo cando se aboe conxuntamente con aquela, non ten a consideración de pensión pública.

5. Se a pensión de retiro ou xubilación de clases pasivas máis a de inutilidade para o servizo superasen o límite que con carácter anual se fixa na lexislación sobre pensións públicas, o ISFAS minorará ou non aborará, segundo proceda, a pensión recoñecida, e deixará en suspenso o seu devengo ata que a pensión de inutilidade non estea afectada polo citado límite.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> PROTECCIÓN Á FAMILIA

##### Artigo 24. *Prestacións económicas.*

1. As prestacións económicas de protección á familia serán de pagamento periódico e de pagamento único. As primeiras corresponden ás prestacións familiares por fillo a cargo e as segundas ó subsidio especial por maternidade nos supostos de parto múltiple.

2. A prestación por fillo a cargo menor de dezaoito anos non minusválido rexeráse polo disposto no capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e a súa xestión corresponde ás unidades e órganos administrativos que tiñan encomendada a das extinguidas prestacións de axuda familiar, sen prexuízo de que, cando o beneficiario teña a condición de pensionista, a consignación e aboamento das prestacións recoñecidas sexan efectuados polos servizos correspondentes de clases pasivas do Ministerio de Facenda.

3. As prestacións por fillo a cargo minusválido, a xestión das cales corresponde ó Instituto Social das Forzas Armadas, rexeráse igualmente polo disposto no capítulo IX do título II do citado texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

4. O subsidio especial por maternidade no suposto de parto múltiple terá o mesmo contido que no réxime xeral da Seguridade Social.

5. As prestacións de protección á familia a que se refire a presente lei son incompatibles con calquera outra análoga fixada nos restantes réximes do sistema da Seguridade Social.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> SERVICIOS SOCIAIS E ASISTENCIA SOCIAL

##### Artigo 25. *Servizos sociais.*

1. Sen prexuízo da acción social que lle corresponde desenvolver ás Forzas Armadas como actividade propia, a acción protectora deste réxime especial poderá

incluí-los servicios sociais do sistema da Seguridade Social, sempre que as continxencias que atendan non estean cubertas por outras prestacións.

2. A incorporación ós servicios sociais mencionados determinarase por orde do Ministerio da Presidencia, por proposta dos Ministerios de Defensa e de Traballo e Asuntos Sociais, na que se regulará o seu alcance e réxime financeiro.

#### Artigo 26. *Asistencia social.*

1. O Instituto Social das Forzas Armadas dispensaralle ós asegurados e ós seus beneficiarios os servicios e auxilios económicos que, en atención a estados e situacións de necesidade, se consideren precisos.

2. Os ditos servicios e auxilios económicos terán como límite os créditos que para tal fin se consignen no orzamento de gastos do Instituto Social das Forzas Armadas, e a súa concesión non poderá comprometer recursos do exercicio seguinte a aquel en que esta teña lugar.

3. As axudas asistenciais comprenderán, entre outras, as que se dispensen por tratamento ou intervencións especiais, en casos de carácter excepcional, por un determinado facultativo; as determinadas por inexistencia, perda ou insuficiencia de prestacións en supostos concretos; as debidas a gastos de carácter urxente en casos de importancia extraordinaria debidamente xustificadas, e, en xeral, calquera outra análoga a percepción das cales non fose regulada nas normas aplicables a este réxime especial.

#### Artigo 27. *Beneficiarios.*

1. Poderán acollerse ás prestacións reguladas nesta sección 5.<sup>a</sup>, sempre que reúnan as condicións en cada suposto esixidas, tódolos asegurados, así como aqueles dos seus beneficiarios de asistencia sanitaria que se enumeran a continuación:

- a) Cónxuxe.
- b) Fillos menores de vinteún anos ou, sen tal límite de idade, cando padezan unha incapacidade permanente e absoluta que os inhabilite por completo para toda profesión ou oficio.
- c) Irmáns menores de dezaioito anos e os maiores desta idade que padezan unha incapacidade permanente e absoluta que os inhabilite por completo para toda profesión ou oficio.
- d) Ascendentes, tanto do asegurado coma do seu cónxuxe, e os cónxuxes de tales ascendentes por posteriores nupcias.

2. Poderán ser tamén beneficiarios destas prestacións os viúvos e os orfos que sexan beneficiarios de asistencia sanitaria segundo o número 3 do artigo 12 desta lei, sempre que, tratándose de orfos, sexan menores de vinteún anos ou padezan unha incapacidade permanente e absoluta que os inhabilite por completo para toda profesión ou oficio.

### CAPÍTULO VI

#### Réxime económico e financeiro

#### Artigo 28. *Réxime financeiro.*

1. Agás as excepcións que poidan establecerse nas normas reguladoras deste réxime especial de Seguridade Social, o sistema financeiro del será de reparto e a súa cota revisable periodicamente.

2. Nos casos en que a natureza das prestacións o requira, constituiranse fondos de garantía para cumprir posibles déficits de cotización ou en casos anormais de sinistralidade.

#### Artigo 29. *Recursos económicos.*

Para o cumprimento dos seus fins, os recursos económicos do Instituto Social das Forzas Armadas estarán constituídos por:

- a) As contribucións do Estado a que se refire o artigo seguinte.
- b) A cotización do persoal afiliado a que se refiren o artigo 7 e a disposición adicional primeira.5.
- c) As subvencións estatais e aqueloutros recursos públicos de natureza diversa que lle correspondan conforme a normativa vixente.
- d) Os bens, dereitos e accións das mutuas que constitúen o Fondo Especial do Instituto.
- e) Os froitos, rendas, xuros e calquera outro produto dos seus bens patrimoniais.
- f) Calquera outro recurso privado que se obteña para o cumprimento dos seus fins.

#### Artigo 30. *Contribucións e subvencións estatais.*

1. O Estado consignará de modo permanente nos seus orzamentos as contribucións que anualmente concederá ó Instituto Social das Forzas Armadas para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 9, agás a indicada no parágrafo f).

2. A contía das contribucións estatais determinarase mediante unha porcentaxe dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos, porcentaxe que se fixará anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

3. Consignaranse tamén anualmente nos orzamentos xerais do Estado as subvencións precisas para financiar as prestacións por fillo a cargo minusválido, así como o déficit que, se é o caso, se produza no fondo especial regulado na disposición adicional cuarta desta lei.

As contribucións estatais serán, en todo caso, independentes destas subvencións, así como de calquera outra das incluídas no parágrafo c) do artigo anterior.

### CAPÍTULO VII

#### Recursos e réxime xurisdiccional

#### Artigo 31. *Recursos e réxime xurisdiccional.*

1. Os actos e resolucións do director xeral do Instituto Social das Forzas Armadas non poñen fin á vía administrativa, e poderase recorrer contra eles enalzada ante o Ministro de Defensa. Esgotada a vía administrativa, poderá recorrerse na contencioso-administrativa conforme a súa lei reguladora.

2. Exceptúanse do disposto no apartado anterior, e en todo caso porán fin á vía administrativa, as resolucións a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e as dictadas en materia de persoal polo director xeral do Instituto. Nestes supostos, procederá o recurso de reposición, con carácter potestativo, e o contencioso-administrativo conforme a súa lei reguladora.

#### Disposición adicional primeira. *Situacións a extinguir.*

1. Quedan obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación deste réxime especial:

- A) Os oficiais xenerais na situación a extinguir de segunda reserva.

B) Os militares profesionais na situación de reserva regulada na disposición transitoria décimo primeira.2, da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, así como os membros da Escala da Garda Real en situación de reserva transitoria.

C) O persoal que a continuación se enumera, agás que, pertencendo a outro réxime de Seguridade Social, renunciase expresamente ó regulado na presente lei:

a) O comprendido nalgún dos parágrafos do número 1 do artigo 3 que pasase á situación de retiro ou xubilación con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

b) Os membros do corpo a extinguir de Mutilados de Guerra pola Patria, do corpo a extinguir de Inválidos Militares e da sección a extinguir de Inútiles para o Servizo, tanto se se encontran en situación de retiro como de segunda reserva.

c) Os membros do extinguido corpo da Policía Armada en situación de retiro ou xubilación e do tamén extinguido corpo da Policía Nacional que pasasen á situación de retiro ou xubilación antes do 1 de febreiro de 1986.

d) Os que posúan a condición de retirados ó abeiro do artigo 2 da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados a quen durante a guerra civil formou parte das Forzas Armadas e de Orde Pública e corpo de Carabineiros da República.

D) O persoal militar nalgunha das situacións derivadas da Lei do 17 de xullo de 1958, de paso voluntario de xefes e oficiais do exército de terra ó servizo de organismos civís.

E) Os militares de substitución durante a prestación do servizo militar, mesmo na modalidade de servizo para a formación de cadros de mando, co alcance e condicións fixadas regulamentariamente.

F) Os funcionarios civís que, procedentes dos corpos xerais administrativo, auxiliar e subalterno da Administración militar, se integraron, respectivamente, nos corpos xerais administrativo, auxiliar e subalterno da Administración do Estado en virtude do establecido na disposición adicional novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, sempre que en 1 de febreiro de 1986 desempeñasen posto de traballo da Administración militar ou dos seus organismos públicos e en tanto obteñan o seu primeiro destino definitivo en posto de traballo distinto dos mencionados, agás que exercesen a opción individual de incorporación ó réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.

G) Os titulares das prazas non escalafonadas, a extinguir, de matronas da Dirección Xeral da Garda Civil, agás que exercesen a opción individual de se incorporaren ó réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.

2. O persoal militar ou civil incluído no número anterior, que se retirase ou xubilase con anterioridade á entrada en vigor da Lei 28/1975, do 27 de xuño, non poderá acollerse ás prestacións contidas no parágrafo c) do artigo 9.

3. O persoal militar pertencente ó corpo a extinguir de Mutilados de Guerra pola Patria que pasase a retirado ou á situación de segunda reserva de oficiais xerais, en aplicación da disposición derradeira sexta da Lei 17/1989, continuará excluído da acción protectora da pensión de inutilidade para o servizo e da prestación de gran invalidez reguladas nesta lei.

4. Os funcionarios mencionados nos parágrafos F) e G) do número 1 desta disposición adicional poderán optar, por unha soa vez, por causar baixa neste réxime especial e incorporárense ó réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, conservando os dereitos que tivesen consolidados naquel.

5. Os asegurados incluídos nos parágrafos B), D), F) e G) do número 1 desta disposición adicional, así

como os que, dentro do parágrafo E) se encontren realizando o período de prácticas durante o servizo para a formación de cadros de mando, cotizarán conforme o revisto no artigo 7 da presente lei. Os restantes asegurados enumerados nesta disposición adicional están exentos de cotización.

6. Os familiares dos asegurados incluídos no número 1 desta disposición adicional, así como os seus viúvos e orfos, poderán ser beneficiarios das prestacións deste réxime especial nas mesmas circunstancias e condicións cós familiares, viúvos e orfos dos restantes asegurados.

7. Os viúvos e orfos dos que foron titulares dunha relación de servizos que levase consigo a incorporación obrigatoria ó Instituto Social das Forzas Armadas e que non a obtiveron por ter falecido ou ser pensionista de clases pasivas na data de entrada en vigor da Lei 28/1975, do 27 de xuño, poderán continuar incorporados ou incorporarse ó Instituto, sen cotización ó seu cargo, sempre que non teñan dereito, por título distinto, a recibir asistencia sanitaria a través dalgún dos réximes que integran o sistema de Seguridade Social.

Estas incorporacións producirán os dereitos previstos para os viúvos e orfos de asegurados incluídos no campo de aplicación desta lei.

#### Disposición adicional segunda. *Prestacións por minusvalidez a extinguir.*

1. O Instituto Social das Forzas Armadas non poderá recoñecer prestacións por minusvalidez, calquera que sexa o concepto e natureza das ditas prestacións, distintas das establecidas no capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e nas demais disposicións de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social.

2. As prestacións por minusvalidez diferentes das mencionadas e recoñecidas polo Instituto ó abeiro da normativa anterior manteranse «a extinguir» e as que fosen transformadas de oficio na prestación por fillo a cargo que corresponda e fosen de contía superior a esta, manterán o exceso e este irase absorbendo polos aumentos que na prestación por fillo a cargo se produzan.

#### Disposición adicional terceira. *Reservistas.*

1. Durante os períodos de activación, os reservistas temporais e voluntarios que non pertencen a algún réxime público de Seguridade Social quedarán incorporados ó réxime especial regulado na presente lei, co alcance e condicións que se fixen regulamentariamente.

2. Nos supostos de incorporación ás Forzas Armadas, os reservistas obrigatorios terán, respecto ó réxime especial regulado na presente lei, os dereitos que se determinen nos reais decretos que establezan as normas para a declaración xeral de reservistas desta natureza.

#### Disposición adicional cuarta. *Mutuas das Forzas Armadas integradas no Instituto Social das Forzas Armadas.*

1. O Instituto Social das Forzas Armadas garántelles ós socios e beneficiarios da Asociación Mutua Benéfica do Exército de Terra e da Asociación Mutua Benéfica do Aire, integradas no citado Instituto ó abeiro da disposición transitoria segunda da Lei 28/1975, do 27 de xuño, as prestacións que estivesen en vigor na mutua respectiva con anterioridade ó 31 de decembro de 1973.

2. A totalidade dos bens, dereitos e accións das dúas mutuas, achegados coa súa integración ó Instituto Social das Forzas Armadas, constitúen un fondo especial ó que se incorporan así mesmo as cotas dos mutualistas

afectados e os recursos públicos que lles correspondan. As cotas serán as vixentes o 31 de decembro de 1973.

3. Os gastos imputables ás mutuas integradas financiaranse cos recursos do mencionado fondo especial, o déficit do cal, se é o caso, será cuberto mediante subvención do Estado.

4. Non poderán incorporarse novos socios ás dúas mutuas integradas no Instituto Social das Forzas Armadas. A opción individual a darse de baixa nelas poderá exercerse en calquera momento, con perda por parte do beneficiario de calquera prestación e sen dereito a devolución de cotas.

5. As pensións das dúas mutuas integradas, aboadas con cargo ó fondo especial a que se refiren os números 2 e 3 desta disposición adicional, teñen o carácter de pensións públicas e, conseguintemente, resúltanlles de aplicación de aplicación os límites legalmente establecidos tanto para o sinalamento inicial como para a súa revalorización, así como para a concorrencia de pensións.

Disposición adicional quinta. *Réxime do medicamento.*

1. Para efectos do establecido no artigo 15 desta lei e de acordo coa disposición adicional décimo sétima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, será de aplicación á prestación farmacéutica deste réxime especial o establecido no artigo 94.6 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, na redacción dada polo artigo 109.3 da citada Lei 66/1997.

2. As deducións na facturación das receitas correspondentes á prestación farmacéutica, derivadas das colaboracións establecidas ou que estableza o Instituto Social das Forzas Armadas cos colexios de farmacéuticos imputaranse ó orzamento de gastos do exercicio en que se produzan como minoración das obrigas satisfeitas.

Disposición adicional sexta. *Subministración de información.*

1. Os organismos competentes dependentes do Ministerio de Facenda ou, se é o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais facilitaránlle, dentro de cada exercicio anual, ó Instituto Social das Forzas Armadas e por petición deste e de conformidade co establecido no artigo 113 da Lei xeral tributaria, os datos relativos ós niveis de renda e demais ingresos dos titulares de prestacións, en canto determinen o dereito a elas, así como dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros das unidades familiares, sempre que deban terse en conta para o recoñecemento, mantemento ou contía das ditas prestacións, a fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a percepción das prestacións e na contía legalmente establecida.

2. Os rexistros civís, dependentes da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, en colaboración cos correspondentes do Ministerio de Facenda, facilitaránlle ó Instituto Social das Forzas Armadas e dentro do prazo de tres meses contados a partir da data en que aparezan os feitos respectivos, os datos persoais informatizados de tódalas defuncións, así como dos matrimonios das persoas viúvas.

3. Os datos que se faciliten deberán identificar, en todo caso, nome e apelidos, documento nacional de identidade e domicilio.

Disposición transitoria única. *Prestacións de inutilidade para o servizo anteriores ó 1 de xaneiro de 1998.*

As prestacións de inutilidade para o servizo os feitos causantes da cal sexan anteriores ó 1 de xaneiro de 1998 rexeranse:

A) Polo texto inicial dos artigos 22 e 23 da Lei 28/1975, do 27 de xuño, reguladora deste réxime especial, se os feitos causantes son anteriores ó 1 de xaneiro de 1995.

B) Polo mesmo texto do citado artigo 22 e polo texto modificado do artigo 23, segundo redacción contida no artigo 51 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, se os feitos causantes se produciron desde o 1 de xaneiro de 1995 ata o 31 de decembro de 1997, ambos inclusive.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas normas de rango legal se opoñan ó establecido na presente lei e, de modo expreso, as seguintes:

A) A Lei 28/1975, do 27 de xuño, sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, así como as disposicións expresamente modificativas do seu texto.

B) O artigo 32, número 6, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, no que se refire a este réxime especial de Seguridade Social das Forzas Armadas.

C) A disposición adicional cuarta da Lei 46/1985, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1986, no que se refire a este réxime especial.

D) O artigo 63, número 8, da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988, no que se refire ó Instituto Social das Forzas Armadas.

E) Da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989:

- a) O artigo 55, no que se refire a este réxime especial.
- b) A disposición transitoria sétima.

F) A disposición adicional novena da Lei 31/1991, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1992, no que se refire a este réxime especial.

G) O artigo 106. dous, números 3 e 4, da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995.

H) A disposición adicional duodécima da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no que se refire a este réxime especial.

I) Os artigos 75 e 133 da Lei 13/1996, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no que se refiren ó Instituto Social das Forzas Armadas.

J) A disposición derradeira segunda da Lei 24/1997, do 15 de xullo, de consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social, no que se refire a este réxime especial.

K) Da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

- a) A disposición adicional quinta.
- b) A disposición adicional décimo sétima, no que se refire a este réxime especial.

L) Da Lei 50/1998, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

- a) O artigo 44, punto catro, no que se refire a este réxime especial.
- b) O artigo 62, parágrafos primeiro e segundo, no que se refire ó Instituto Social das Forzas Armadas.
- c) O artigo 82, no que se refire ó Instituto Social das Forzas Armadas.

M) O artigo 50 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no que se refire ó Instituto Social das Forzas Armadas.



2. Quedan así mesmo derogados os artigos 102 a 146, ambos inclusive, e as disposicións transitorias, excepto a 7.<sup>a</sup>, do Regulamento xeral da Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 2330/1978, do 29 de setembro, así como cantas outras normas do mesmo ou de calquera outra disposición regulamentaria se opoñan ó establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Harmonización coa Lei de consolidación e racionalización do sistema de Seguridade Social.*

Autorízase o Goberno para proceder á harmonización da normativa especial do mutualismo administrativo, no referente ós seus sistemas de recursos económicos, coas previsións do artigo 86.2 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola Lei 24/1997, do 15 de xullo, logo de consulta coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito da función pública.

E isto sen prexuízo do mantemento das peculiaridades que canto á forma de realiza-la prestación da asistencia sanitaria se conteñen naquela normativa especial.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este texto refundido dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Ministerio de Defensa, logo de informe, se é o caso, do Ministerio de Facenda e do de Traballo e Asuntos Sociais no ámbito das súas respectivas competencias, para dictar ou propoñerlle ó Goberno, segundo proceda, as normas de aplicación e desenvolvemento da presente lei.

## MINISTERIO DE ECONOMÍA

**11124** *REAL DECRETO 996/2000, do 2 de xuño, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e do plan de contabilidade das entidades aseguradoras e normas para a formulación das contas dos grupos de entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 2014/1997, do 26 de decembro, para adaptalos á Directiva 98/78/CE, do 27 de outubro, relativa á supervisión adicional das empresas de seguros que formen parte dun grupo de seguros. («BOE» 142, do 14-6-2000.)*

Con data do 27 de outubro de 1998 foi aprobada a Directiva 98/78/CE, relativa á supervisión adicional das empresas de seguros que formen parte dun grupo de seguros, que se publicou no Boletín Oficial das Comunidades Europeas o 5 de decembro do propio ano.

A citada directiva adopta un grao de harmonización esencial, necesario e suficiente para logra-lo recoñecemento mutuo dos sistemas de supervisión prudencial no ámbito dos seguros, establecendo unha supervisión adicional que se orienta, fundamentalmente, cara á comprobación do estado de solvencia do grupo de sociedades e da incidencia que na solvencia das entidades supervisadas teñen as súas sociedades participantes e vinculadas.

A supervisión adicional prevista afecta, dunha parte, as entidades aseguradoras que teñan unha participación —concepto que se define na propia directiva— noutra ou outras entidades aseguradoras, reaseguradoras ou entidades de seguros de terceiros países, segundo métodos alternativos de cálculo que se describen no anexo I da propia directiva —o terceiro dos cales, baseado na consolidación contable, é o coincidente co sistema español de consolidación—; e, doutra parte, ás entidades aseguradoras que teñan como matriz unha tedora de accións de entidades —entre outras, aseguradoras—, unha reaseguradora ou unha aseguradora dun país terceiro, de acordo coas normas establecidas no anexo II da directiva.

A maior parte das prescricións comunitarias están xa recollidas na normativa española, que establece unha regulación detallada dos grupos consolidables de entidades aseguradoras tanto na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, como no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e no plan de contabilidade das entidades aseguradoras e normas para a formulación das contas dos grupos de entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 2014/1997, do 26 de decembro. Non obstante, resulta necesario introducir algunhas modificacións nas dúas normas regulamentarias citadas para conseguirla súa plena adaptación ás prescricións da recentemente aprobada directiva.

En particular, interesa destaca-los seguintes aspectos, a transposición dos cales require modificación de normas:

A directiva impón a supervisión adicional de entidades que estean participadas por ou que participen noutras dos tipos arriba mencionados nun 20 por 100 ou máis, presumindo en tales casos a existencia de vínculos de control. Aínda que tal presunción xa se encontra recollida na nosa lexislación xeral sobre supervisión de entidades financeiras (artigo 2.2 do Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras), a especificidade do sector asegurador e da súa regulación, así como o feito de recollese tan importante asunto nunha directiva tamén específica, aconsellan que esta se teña en conta no Regulamento sectorial.

A norma comunitaria introduce, para estes exclusivos efectos, unha marxe de solvencia teórica ou nociónal para as entidades exclusivamente reaseguradoras que, nin a normativa española, nin ningunha outra comunitaria esixen a nivel individual, polo que resulta preceptivo traspoñer-las súas previsións, ben que cos limitados efectos da propia directiva.

Aínda que a normativa española xa prevé esixencias de control interno, a directiva esixe procedementos adicionais que garantan a adecuada presentación da información e dos datos pertinentes para efectos da supervisión adicional.

Requírese igualmente que determinada información relativa a certo tipo de operacións intragrupo, que con carácter xeral xa se consideran na nosa normativa, estea dispoñible con periodicidade anual, o que esixe prevelo especificamente na memoria das contas anuais consolidadas.

A marxe do anterior, outras cuestións destacables da norma comunitaria xa incorporadas á regulación española son:

O necesario acceso das autoridades competentes a toda a información relevante para os efectos da supervisión.

O feito de que, aínda que a supervisión adicional esixir en conta empresas non sometidas a supervisión individual, as prescricións da directiva non implican que a súa aplicación obrigue os Estados membros a exerceren esa supervisión a partir de agora.